



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.E.I.P. "XOSÉ FERNÁNDEZ LÓPEZ"

Rúa Doantes de Sangue, nº 1 (36400) O PORRIÑO (Pontevedra) (Tfno.: 986 33 15 56) (Fax: 986 33 52 90)

## ORIENTACIÓNS PARA ESTIMULAR A LINGUAXE ORAL

- **Falarlle ao neno con lentitude, claridade e nun tono adecuado.**
- **Nomear as cousas co nome correcto, non falarlle con linguaxe bebé (o chupete non é "pete", unha ferida non é "pupa", o avó non é "belo"...). Se lle falamos de forma inadecuada, estaremos contribuíndo a retelo nun grao de infantilismo lingüístico e afectivo.**
- **Non responder nunca por él, deixar que se exprese libremente, sen interrumpilo.**
- **Deixar de "entenderlle" cando pida as cousas con xestos ou cando pronuncie mal, sen impoñer unha total rixidez nin unha dureza inflexible.**
- **Non sobreprotexer ao neno, favorecer a súa autonomía nas actividades cotiás: vestirse só, lavarse, recoller a súa roupa e xoguetes...).**
- **Adicar un tempo diario para estar co neno e falar con él nun entorno afectivo adecuado.**
- **Esixir, mediante o xogo, respostas claras e correctas, evitar respostas monosílabas (si, no), conducilo a que estableza comparacións (grande como, alto como...), que complete frases que nos lle dicimos,....**
- **Lerlle ou contarlle contos todos os días, fomentando que o neno nos faga preguntas, facéndollas nós a él, comentar os debuxos do conto...**

**RECORDEN: A educación é unha tarefa diaria que require tempo e pacencia.**

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN